

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### RIBEIRA

*Anuncio de licitación para adjudicar as obras de reordenación da Avenida do Malecón e pavimentación da zona infantil do Parque García Bayón (Ribeira)*

**Anuncio de licitación para adjudicar as obras de “Reordenación da Avenida do Malecón e pavimentación da zona infantil do Parque García Bayón (Riveira)”.**

**1.- Entidade adjudicadora:**

Organismo: Concello de Riveira.

Dependencia que tramita o expediente: Oficina Municipal de Contratación.

**2.- Obxecto do contrato:**

Tipo: Contrato administrativo de obras.

Denominación: Reordenación da Avenida do Malecón e pavimentación da zona infantil do Parque García Bayón (Riveira), segundo o proxecto redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data xullo /2017.

Prazo de execución: 8 meses.

**3.- Orzamento de licitación:**

Orzamento base: 825.152,90 euros

IVE (21%): 173.282,11 euros

Orzamento total de licitación: 998.435,01 euros

**4.- Financiamento:**

Municipal.

**5.- Anualidades:**

2017: 275.000,00 euros.

2018: 723.435,01 euros.

**6.- Revisión de prezos:**

Non procede.

**7.-Tramitación e procedemento:**

Tramitación: Ordinaria.

Procedemento: Aberto.

**8.- Criterios de valoración das ofertas:**

Os indicados na cláusula 15ª.2 do prego de cláusulas administrativas particulares. Para o seu desenvolvemento teranse en conta as normas recollidas na citada cláusula.

Fase I: Pola documentación incluída nos Sobres B, de “criterios cuantificables mediante xuízos de valor (referencias técnicas)”:

a) Plan de control interno de calidade: de 0 a 9 puntos.

b) Programa de traballo: de 0 a 13 puntos.

c) Programa de actuación ambiental: de 0 a 6 puntos.

d) Plan de seguridade e saúde: de 0 a 12 puntos.

Fase II: Pola documentación incluída nos Sobres C, de “criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas (oferta económica, redución do prazo de execución, e porcentaxes de control de calidade externo e interno)”:

- a) Oferta económica: ata 40 puntos.
- b) Redución do prazo de execución: ata 10 puntos.
- c) Porcentaxe destinada a control de calidade:
- c.1) Porcentaxe destinada a control externo de calidade: de 0 a 9 puntos.
- c.2) Porcentaxe destinada a control interno de calidade: de 0 a 1 puntos.

**9.- Garantías esixidas:**

Provisional: Non se esixe.

Definitiva: 5 % do importe de adjudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

**10.- Requisitos específicos do contratista:**

Clasificación: Grupo G, Subgrupo 6, categoría 3.

**11.- Presentación de ofertas:**

**Prazo de presentación:** Dentro do prazo de VINTE E SEIS (26) DÍAS NATURAIS contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e/ou no Perfil do contratante.

**Lugar de presentación:** No Rexistro Xeral do Concello de Riveira, sito na Praza do Concello, número 1, de Riveira, en horario de atención ao público. Tamén se poderán presentar a través dunha oficina de correos cos requisitos e formalidades indicados na cláusula 11ª do prego de cláusulas administrativas particulares.

**Documentación a presentar:** A esixida na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas particulares.

**12.- Apertura das ofertas:**

O lugar, data e hora na que se celebrará o acto público de apertura das ofertas presentadas publicarase no "Perfil de Contratante".

**13.- Taxas do contrato:**

Segundo a Ordenanza Fiscal B.1.1, reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos:

- Por tomar parte na contratación: 60,00 euros (artigo 6, epígrafe 7).
- Por formalización do contrato: calculada segundo o artigo 6, epígrafe 6.

**14.- Gastos de publicidade:**

Os derivados da publicación dos anuncios de licitación serán por conta do adjudicatario.

**15.- Obtención de documentación e información:**

Dependencia: Oficina de Contratación do Concello de Riveira.

Domicilio: Praza do Concello, nº 1. Riveira (A Coruña). C.P 15960

Teléfono: 981 83 54 17. Extensión 214.

Fax: 981 87 16 10

Correo electrónico: contratacion@riveira.com

Dirección do Perfil de Contratante do Concello de Riveira na Internet: [www.riveira.es](http://www.riveira.es)

Data límite para a obtención de documentación e información: Ata as 12:00 horas do día de finalización do prazo para presentar as ofertas.

Riveira, a 5 de decembro de 2017.

O alcalde.

Asdo./ Manuel Ruiz Rivas.

2017/10492